

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, A ASOCIACIÓN CULTURAL FESTAS DO MAR DE MUXÍA E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA A CELEBRACIÓN DA ROMARÍA DA NOSA SRA. VIRXE DA BARCA 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía e con ABANCA Corporación Bancaria, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración da Romaría da Nosa Sra. Virxe da Barca 2024.

O apoio deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade



e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.

O apoio ás festas de interese turístico é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para ou desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Terceiro.- A Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía é unha organización sen ánimo de lucro dedicada á divulgación, promoción da cultura e organización dos festexos da Romaría da Barca, que se celebra cada ano no mes de setembro. A Asociación fundouse o 22 de decembro do 2004 por un grupo de xente nova de Muxía (mariñeiros, mariscadores, estudantes...) cun interese común: organizar actividades culturais, pero sobre todo organizar as festas na honra da Virxe da Barca e desenvolver a súa vez actividades durante todo ano dedicadas á divulgación destes festexos.

Cuarto.- No concello de Muxía está o popular Santuario da Virxe da Barca onde cada domingo seguinte ao 8 de setembro celébrase esta romaría chea de connotacións panteístas ancestrais. Esta Romaría é unha antiga celebración de culto que remonta a súa orixe aos séculos XI ou XII que segue congregando hoxe en día unha grande



cantidade de fregueses. Paralela á celebración relixiosa foise creando outra festa que converteu a esta romaría nun punto de encontro dos mozos que acampan ao redor da vila e pasan na noite bailando ata ao amencer.

As festas comezan coa celebración da Novena, o venres último día da Novena a asistencia a esta aumenta debido aos numerosos romeiros que en cumprimento das súas promesas acoden a Muxía camiñando dende os seus lugares de orixe xa que na festa é tradición a peregrinaxe dende os pobos da comarca. Achéganse de diferentes xeitos, tales como percorrer un tramo do viaxe de xeonllos, escoitar misas durante varios días, o culto ás pedras.

A Romaría da Nosa Sra. da Barca de Muxía é un evento de prestixio que conxuga unha celebración relixiosa ancestral coas actividades lúdicas actuais e converteuse nunha referencia imprescindible e nunha cita ineludible no calendario de festas da comunidade autónoma galega. Conta coa declaración de Festa de Interese Turístico Nacional desde o 27 de outubro de 1989. Ao longo da súa exitosa historia, este evento soubo manter as súas sinais de identidade e revitalizar e incrementar a súa repercusión turística, e posiciónase coma o evento mais adecuado para dar a coñecer o recursos turísticos da nosa comunidade.

Quinto.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do márketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión delas.

Dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sexto.- Que a través deste convenio, outórgase á Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do



13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

